# Módulo 5_FERRAMENTAS

**UNIDADE 4 _ Imaxes de usuarias/os_ Imaxes de cubertas**


## 1 CARGAR IMAXES DE USUARIAS/OS

1.1 LOCALIZAR USUARIA/O

1.2 ASOCIAR IMAXE A USUARIA/O

1.3 ASOCIAR IMAXES DE XEITO MASIVO

## 2 CARGAR IMAXES DE CUBERTAS

2.1 REXISTROS CON ISBN OU ISSN

2.2 REXISTROS SEN ISBN OU ISSN

# 1. CARGAR IMAXES DE USUARIAS/OS

Koha permite vencellar unha imaxe ás fichas das/os usuarias/os.

## 1.1 LOCALIZAR Á/AO USUARIA/O

1.- Localizamos á persoa á que se lle quere asociar unha imaxe (ver a unidade "Busca/Recuperación de usuarios").




2.- Accedemos ao apartado "Detalle" da ficha.




## 1.2 ASOCIAR IMAXE A USUARIA/O

Este proceso é igual tanto se asociamos a imaxe por primeira vez, como se xa existe unha imaxe asociada e queremos cambiala.

1.- Na pantalla "**Detalle do usuaria/o**" localiza o apartado "**Subir foto de usuaria/o**" e preme o botón **Seleccionar arquivo.**




2.- Localiza no teu equipo a imaxe que queres asociar á ficha da/o usuaria/o, selecciónaa e preme en **Abrir.**




3.- Se o formato e o tamaño da fotografía son axeitados, o sistema amosará o nome ao lado do botón **Seleccionar arquivo**. Para rematar o proceso, pulsar o botón **Subir**




4.- Súbese a foto e o sistema amósaa na ficha.




## 1.3 ASOCIAR IMAXES DE XEITO MASIVO

Ademais da asociación de imaxes de forma individual, Koha permite asociar fotografías a usuarias/os de xeito masiva.

Para iso, cómpre:

1.- Crear unha carpeta co nome de DATALINK.TXT que conteña:

- As fotografías que se queren asociar ás fichas dos usuarios
- Un documento en formato txt. En cada liña do arquivo, incluirase a seguintes secuencia: número de carné do usuario (seguido dunha coma) nome de arquivo da imaxe (incluíndo a extensión).




2.- Comprimir a carpeta en formato ZIP.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE




3.- Na intranet de Koha, acceder ao módulo de **Ferramentas.**




4.- Premer na opción **Carga de imaxes de usuarios.**




5.- Escoller a opción "**Zip file**" e pulsar o botón **Seleccionar arquivo.**



6.- Localizar a carpeta comprimida, seleccionala e pulsar o botón **Abrir**




7.- Unha vez se cargue a carpeta, pulsar o botón **Subir.**




8.- O sistema subirá as imaxes asociadas a súa correspondente ficha, e mostrará unha táboa na parte baixa da pantalla coa información de asociación.

## 2. CARGAR IMAXES DE CUBERTAS

Koha permite asociar cubertas aos rexistros do catálogo que estarán dispoñibles tanto no catálogo da intranet como no OPAC.

Esta asociación de imaxes e rexistros bibliográficos pode facerse de dúas formas:

- Mediante o servizo Qlees para aqueles rexistros que teñen un ISBN ou ISSN consignado

- De forma local no caso dos rexistros que non contan con ese dato.

## 2.1 REXISTROS CON ISBN OU ISSN

1.- Busca no catálogo o rexistro ao que se lle quere asociar unha imaxe e accede ao seu detalle.




2.- Preme en **Editar > Cargar imaxa de cuberta a Qlees.**




3.- Se a bibliotecaria/o non conta cos permisos necesarios para a carga de cubertas, mostrarase unha mensaxe como a da imaxe, entón terá que contactar coa administración do programa, solicitando a alta no servizo de Qlees e indicando o seu nome de usuaria/o.



4.- No caso de que si estea autorizada/o, aparece a ventá emerxente “**Cargar imaxe de cuberta en Qlees**”

## Cargar imaxe de cuberta en Qlees

- Seleccione a imaxe para subir: **O servizo acepta imaxes de tipo GIF, JPEG, ou PNG.**

**Cargar imaxes**

**Seleccione o arquivo para subir:** Seleccionar archivo Ningún archivo seleccionado
Requirido

Subir arquivo

Pechar ventá

5- Localizamos no noso equipo a imaxe que queremos asociar ao rexistro bibliográfico , seleccionámola e prememos o botón **Abrir**. É importante escoller imaxes coa mellor calidade posible.




6.- Unha vez cargada, clicamos en **Subir arquivo**

## Cargar imaxe de cuberta en Qlees

- Seleccione a imaxe para subir: **O servizo acepta imaxes de tipo GIF, JPEG, ou PNG.**

**Cargar imaxes**

**Seleccione o arquivo para subir:** Seleccionar archivo 978849473968.gif
Requirido

Subir arquivo

Pechar ventá

7.- Se a imaxe cumpre os requisitos en canto a tamaño e formato, aparece unha mensaxe indicando que foi subida correctamente. Preme **Pechar ventá** para volver á Intranet.




8.- O rexistro aparecerá agora coa imaxe da cuberta cargada.




## 2.2 REXISTROS SEN ISBN OU ISSN

A carga de cubertas no caso de rexistros bibliográficos que non contan con ISBN nin ISSN consignado faise da seguinte maneira:

1.- Realiza unha busca no catálogo e accede ao detalle do bibliográfico ao que queres asociar a imaxe da cuberta.




2.- Preme no botón **Editar > Cargar imaxe.**




3.- Ábrese a pantalla “**Cargar imaxe de cuberta local**”. Preme no botón **Seleccionar arquivo**.




4.- Localiza no equipo a imaxe que queres asociar ao rexistro bibliográfico, selecciónaa e preme o botón **Abrir**. É importante escoller cubertas de mellor calidade posible.



5.- Se a imaxe é axeitada en canto a tamaño e formato, cargarase no sistema e mostrarase o seu nome ao lado do botón **Seleccionar arquivo**. Prémeo para rematar o proceso.




6.- Se a imaxe se carga correctamente, amósase unha mensaxe indicando que se completou o 100% da subida, o tipo de arquivo subido e o biblionumber (número interno, que utiliza Koha para identificar os rexistros bibliográficos) ao que se asociou.

Preme o botón **Procesar imaxes** situado na parte baixa da pantalla.




7.- Aparece unha mensaxe indicando o resultado da carga de imaxe. Preme en **Ver rexistro final** para visualizar o resultado da carga da cuberta ou en **Volver** para acceder ao módulo de ferramentas.

## Cargar imaxe de cuberta local

Resultados de carga de imaxes:

- 1 imaxes atopadas
- Ver rexistro final
- Volver